


Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2001

COMUNICADO

O PIB de Galicia presenta en 2001 un crecemento en termos correntes do 7,2%

O crecemento do Producto Interior Bruto (PIB) galego en 2001 é dunha décima máis que a estimación para o conxunto de España (base 1995) e máis do dobre da taxa de crecemento estimada por EUROSTAT para o conxunto dos 15 países da UE.



TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm

	Galicia	España	UE-15
1996	5,8%	6,0%	3,6%
1997	6,4%	6,4%	8,7%
1998	7,0%	6,8%	5,5%
1999	8,1%	7,1%	4,7%
2000	8,0%	7,8%	6,6%
2001	7,2%	7,1%	3,4%
1995-2001	50,7%	49,2%	37,2%

Fonte: IGE, INE e Eurostat

En 2001, por vez primeira dende 1995, o crecemento da demanda interna é inferior ó crecemento do PIB, o que supón unha achega positiva da evolución do saldo exterior neste ano.

As estimacións da nova base contable das Contas Económicas de Galicia introducen novas fontes estatísticas.

O PIB estimado para o ano base 2000 é un 0,2% superior á estimación do mesmo ano 2000 coa base 1995. Aínda que a nivel agregado a estimación do PIB non presenta diferencias significativas con respecto ó nivel da serie base 1995, coa estimación da serie contable base 2000 obtense unha estrutura do mesmo na que aumenta o peso das ramas enerxéticas e dos servicios de non mercado.

PIB VÍA OFERTA

Estructura porcentual ano 2000

Operacións	Base 1995	Base 2000
Ramas agraria e pesqueira	5,2%	5,2%
Ramas enerxéticas	4,1%	4,5%
Ramas industriais	15,4%	15,0%
Construcción	10,4%	10,4%
Ramas dos servicios	58,1%	58,2%
- Servicios de mercado	45,3%	43,9%
- Servicios de non mercado	12,8%	14,3%
SIFMI	-3,6%	-3,5%
Impostos netos sobre os produtos	10,4%	10,3%
PIB A PREZOS DE MERCADO	100%	100%

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2001

Dentro das ramas enerxéticas, o refino de petróleo presenta unha estimación do seu Valor Engadido Bruto (VEB) que duplica o nivel estimado na base 1995, gracias á información proporcionada directamente polas empresas sobre a súa actividade en Galicia, para os anos 2000 e 2001 na “Enquisa de Estructura Industrial”.

Nos servicios de mercado é salientable a revisión á baixa realizada nas ramas de correos e telecomunicacións, actividades inmobiliarias e transporte terrestre. Ademais destacan as ramas de outras actividades empresariais e actividades diversas de servicios persoais con estimacións do seu VEB significativamente máis elevadas que na base 1995, apoiadas estas estimacións da nova base nas estatísticas dirixidas a este sector realizadas polo INE e o IGE.

Dentro dos servizos de non mercado revísanse á alza as estimacións do VEB dos fogares que empregan persoal doméstico e a rama de Administracións Públicas, Defensa e Seguridade Social. Esta última rama inclúe as actividades de saneamento e recreativas, culturais e deportivas prestadas polas Administracións Públicas.

A estimación do PIB pola vía das rendas non presenta diferencias significativas. Pola vía da demanda é salientable a nova estimación do gasto en consumo final dos fogares, principalmente debido a unha nova estimación do saldo da balanza turística e a unha revisión da estimación dos servizos de aluguer das vivendas ocupadas polo seus propietarios.

En 2001 o PIB per cápita de Galicia representa o 80% do valor deste indicador en España.

En termos de Paridades de Poder de Compra (PPC) a nova estimación deste indicador para Galicia sitúase no 68% do PIB per cápita en PPC dos quince países da Unión Europea.

Dende 1995 o PIB per cápita en PPC presentou un avance de sete puntos en Galicia e de cinco puntos en España.

Estímase un crecemento do emprego do 2,1%, con 22 mil postos de traballo máis que en 2000.

As novas estimacións das variables de emprego supoñen un maior peso do emprego nas ramas industriais e de servizos de non mercado.

O comportamento do emprego en 2001 é dispar nos distintos sectores da economía. Mentres que o sector primario rexistra case 17 mil postos de traballo menos que en 2000, os restantes sectores presentan un crecemento do emprego de case 40 mil postos de traballo.

EVOLUCIÓN DO EMPREGO EN 2001

Postos de traballo

Ramas de actividade	1995-2001	2000-2001
Ramas agraria e pesqueira	- 62.045	- 16.801
Ramas enerxéticas	- 204	- 404
Ramas industriais	40.938	15.230
Construcción	23.614	7.514
Ramas dos servizos	106.349	17.409
- Servizos de mercado	87.864	15.574
- Servizos de non mercado	18.485	1.835
TOTAL POSTOS DE	108.651	22.948

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2001

Por último, a ganancia salarial media en Galicia en 2001 é de vinte mil euros fronte a máis de vinte catro mil euros estimados como ganancia salarial na “Contabilidad Nacional de España” do INE.

Esta variable presentou o mesmo crecemento relativo nos dous territorios económicos entre os anos 1995 e 2001

GANANCIA SALARIAL

Remuneración de asalariados/PTE asalariados

Euros

Ramas de actividade	1995	2001(P)
Primario	12.692	18.679
Enerxía	25.623	30.976
Industria	17.693	21.012
Construcción	14.130	17.688
Servicios de mercado	16.891	20.761
Servicios de non mercado	16.106	18.883
TOTAL	16.383	19.973

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2001

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>

e-mail: ige@xunta.es